

ACTA

En Arzúa, a 18 de maio de 2015.

Sendo as 10.10 horas, reúnense, na dependencia destinada a Secretaría, dentro da Casa do Concello, os seguintes membros –integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **segundo exercicio de carácter práctico**, de que consta a oposición convocada para poder seleccionar á persoa que será contratada, a xornada completa, como **tractorista e operario de servizos varios**, cuxa contratación laboral temporal – por un período de dezaioito meses- acordouse realizar a través das Bases aprobadas por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 27 de marzo de 2015.

Asisten a esta reunión os seguintes membros da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: Don Luis Fole Barrio.
- Secretario: Don Juan Colmenares López-Soldado.
- Vogais:
 - Don Ramón Verea Castelo.
 - Don Jesús Rúa Taboada.
 - Don Secundino Quiñoy Amboage.

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co disposto no artigo 26, nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, o Sr. presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, dispoñendo que seguidamente se trasladasen os membros da Comisión Seleccionadora, ata unha parcela existente no polígono industrial, na que había bastante matorral e maleza, para realizar o exercicio práctico de que consta a oposición, que quedara previsto para o día de hoxe, acordando a Comisión Seleccionadora que dito exercicio consistise en levar a cabo o desbroce dunha parte de dita parcela, utilizando para iso un tractor do Concello que tiña incorporada unha máquina desbrozadora de brazo, que se acciona desde un cadro de mandos que existe na cabina do tractor.

Unha vez alí explicouse aos dous aspirantes que terían que realizar dous traxectos co tractor e desbrozadora dentro desa parcela: un de fronte, ata completar tres dos catro lados de dita parcela, e outro, cara atrás, ata chegar ao punto de partida.

Tamén se formulou aos dous aspirantes a posibilidade de realizar o terceiro exercicio de que consta a oposición, mañá martes as 9.00 horas, (*cuxo exercicio consistiría na traducción directa do castelán ao galego de cinco frases, durante un tempo máximo de cinco minutos, sen axuda de dicionario, propostas pola profesora designada para iso pola súa condición de Diplomada en Maxisterio, especialidade en lingua galega*).

Manifestando os dous aspirantes que estaban de acordo.

Tras o exposto, comunicouselles que se iba a empezar a realizar a proba prevista como exercicio práctico; seguindo para iso, como orde de actuación, o orde alfabético dos seus apelidos, empezando en consecuencia o aspirante Fuentes Lamela, José Antonio e, en segundo lugar, o aspirante Valiño López, Javier; facéndolle saber que o tempo máximo para realizar cada exercicio sería de quince minutos, puntuándose de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

Previamente a realización deste exercicio práctico, aos dous aspirantes foilles explicado sucesivamente o funcionamento do tractor desbrozadora, por parte do traballador do Concello don José Luis Rial Souto, que en todo momento estivo presente dentro da cabina do tractor.

Tras a realización do exercicio –ás 10.40 horas- a Comisión Seleccionadora procedeu a valorar os exercicios realizados por cada un dos dous aspirantes, outorgándolles as seguintes puntuacións:

1. José Antono Fuentes Lamela..... 6 puntos.
2. Javier Valiño López..... 8 puntos.

Tras o exposto, adoptouse –por unanimidade dos cinco membros que integran a Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para os citados dous aspirantes e declarar que ambos superaron este exercicio, ao obter unha puntuación superior á mínima esixible de 5 puntos.

Segundo.- Concretar que a terceira e última proba sobre coñecementos do idioma galego, de que consta este proceso de selección, terá lugar mañá ás 9.00 horas no Salón de Comisións da Casa do Concello; por canto que os dous aspirantes indicados non acreditaran estar en posesión do Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia; e manifestaran o seu desexo de realizar dita proba no día de mañá, sen necesidade de esperar a que transcorrese o prazo previsto legalmente entre a realización dunha e outra proba.

Terceiro.- Dispoñer a publicación dunha copia desta acta: no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como na páxina web do Concello, para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio.

Co cal douse por rematado o acto, ás 11.00 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.